



Nº 53 - 2021

CIG

Boletín
Sindical

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

O camiño para termos emprego, industria, salarios e pensións dignas é a mobilización

A CIG iniciou decembro cunha xornada de mobilizacións en todas as comarcas na defensa do emprego e da industria, por uns salarios e pensións dignas e para esixir a derogación das reformas antiobreiras. Un mes no que, valorou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, se concentran toda unha serie reformas legislativas que “temos que denunciar e combater dende a mobilización, mais tamén debemos evidenciar que existen políticas alternativas para camiñar cara a unha saída galega xusta da crise”.

Neste senso, denunciou que nin os Orzamentos do Estado nin os da Xunta conteñen ningunha das medidas necesarias para afrontar esta profunda crise “que avanza cada día con máis nefastas consecuencias”.

Reformas regresivas

As mobilizacións realizáronse na véspera da aprobación no Congreso da nova lei das pensións “que nin derroga, nin corrixe as reformas de 2011 e 2013” e aínda por enriba mantén a penalización á xubilación anticipada, atrasando deste xeito máis a idade real de xubilación e fomentando a prolongación da vida laboral; mantén o período de cálculo aos 25 anos pero coa ameaza de ampliálo aos 35 anos; e non garante o cumprimento da Carta Social Europea para que as pensións mínimas sexan cando menos equivalentes ao 60% salario medio do Estado.

No actual contexto, Carril criticou que a única preocupación dos gobernos sexa satisfacer as duras medidas esixidas pola UE para poder acceder aos fondos europeos “porque nin se derroga a reforma laboral, nin hai von-



tade de facelo, mentres a crise avanza destruindo emprego e empobrecendo os salarios”.

Apuntou á elevadísima inflación debido en gran medida ao alto prezo da electricidade e dos combustíbeis, pero que se traduce tamén nun maior custe dos alimentos e dos produtos de consumo básicos, sen que haxa un incremento dos salarios acorde “para poder garantir o dereito a unha vida digna”.

Toda esta realidade, engadiu, dáse nun momento no que se intensifican as ameazas á continuidade dos empregos e da industria, ben sexa a conta dos procesos de dixitalización ou descarbonización da economía, a sucesión de ERTE motivados pola pandemia e agora tamén pola falta de compoñentes básicos para a fabricación, “mais sempre en perigo constante pola ausencia por parte dos gobernos dun verdadeiro plan galego de recuperación económica, industrialización e creación de emprego digno”.

A farsa do diálogo social

Ante esta grave situación social, resulta “lamentábel” que o diálogo social se converta na vía a través da que se están impondo e avalando todas estas duras medidas, “mentres a clase traba-

lladora e o pobo galego camiñamos á ruína se non somos quen de evitalas”.

Paulo Carril definiu o diálogo social como “ese gran enterrador de dereitos” fronte ao que chamou a intensificar a mobilización nas rúas e nos centros de traballo porque “este é o único camiño para cambiar as políticas dos gobernos e para que a negociación colectiva signifique unha restitución e recuperación de dereitos e do poder adquisitivo dos salarios”.

Considera “inxustificábel” a renuncia expresa do PSOE e UP a cumprir co seu compromiso programático de goberno e o papel seguidista de UGT e CCOO “para que a reivindicación unánime a prol da derogación da reforma laboral sexa unha realidade”. “O que determina as políticas de esquerda son os feitos e as decisións, non as proclamas”, afirmou.

Advirte que, todo indica que os aspectos máis lesivos seguirán contemplándose na futura normativa, e nin se van restituír na súa totalidade os dereitos roubados nin se afrontan novas regulacións que recoñezan dereitos para a clase traballadora, “quedando máis unha vez a mercé do capital e da gran patronal que si se recupera, mentres nós perdemos dereitos”.

A CIG centrou o 25N en denunciar o acoso ás mulleres nos centros de traballo

A secretaria das Mulleres da CIG centrou este ano a campaña do 25 de novembro en denunciar o acoso que sofren as mulleres no ámbito laboral. Un tipo de violencia machista, sinalou a secretaria confederal das Mulleres, Nicosala Castro, que permanece silenciada até o punto de que “non se recollen datos nas estatísticas, nin se fan campañas institucionais” para a toma de conciencia social.

Considerou que, por iso, “moitas traballadoras non identifican con acoso condutas sexistas normalizadas na cultura patriarcal, como comentarios sexistas, piropos, chistes machistas... que, pola súa intencionalidade e reiteración, poden chegar a constituír acoso”.

Para darlle visibilidade a esta realidade, co gallo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a CIG realizou concentracións en nove localidades baixo o lema “É acoso, é violencia machista no traballo”, coas que se quixo chamar a atención “sobre a violencia machista coa que convivimos as mulleres nos centros de traballo”, identificar as situacións de acoso e concienciar de que “o acoso é un delito”.

Só se denuncia o 8% dos casos

Castro lembra un inquérito da Axencia de Dereitos Fundamentais da Unión Europea realizado a 42.000 mulleres de 28 Estados, que revela que o 55% foron vítimas de acoso sexual polo menos 1 vez desde os 15 anos e o 32% destes acosos sucederon no contorno laboral, onde o 90% das persoas acosadas son mulleres.

Matiza que, porén, o número de denuncias por acoso é mínimo e que “a inmensa maioría das traballadoras optan por calar por medo a non seren cridas, a represalias e mesmo ao despedimento”.

Ademais, os datos do informe de 2015 da Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e Tra-



ballo revelan que “no Estado español só se denuncia un 8% dos casos de acoso e na UE a media é de 14,9%”.

A secretaria das Mulleres da CIG apunta á responsabilidade das empresas porque “moitas incumpren a lei de igualdade de 2007, que obriga a contar cun protocolo para a prevención e tratamento do acoso”. Aínda así, “nin a Xunta, nin o Goberno do Estado publican datos sobre o número de empresas que implantaron protocolos contra o acoso, nin sobre o número de denuncias interpostas por este con-

cepto na Inspección de Traballo ou no ámbito xudicial”.

Neste senso, salienta que o acoso “atenta contra a dignidade e integridade das persoas, afecta gravemente a saúde de quen o padece e impide a promoción e o desenvolvemento profesional, obrigando en moitos casos ao abandono do traballo”.

Por iso urxe a enfrontar a violencia de xénero contra as mulleres no traballo, “que se coñeza a situación real, exixirmos a aplicación dos protocolos nas empresas e denunciarmos na Inspección de Traballo e nos xulgados”.

IX Encontro nacional de delegadas da CIG

O mércores 15 de decembro terá lugar en Compostela o IX Encontro nacional de delegadas da CIG co obxectivo de continuar coa posta en común de coñecementos, experiencias e puntos de vista sobre a situación sociolaboral, política e sindical das galegas.

Durante o encontro analizarase o impacto da pandemia nas condicións de vida e traballo das mulleres galegas nos distintos sectores, definiranse as liñas de traballo para o

próximo semestre e debateranse os obxectivos da CIG de cara ao 8 de Marzo, Día Internacional da Muller Traballadora, de 2022.

Así mesmo, aproveitando a participación no encontro nacional, as delegadas da CIG saíran en manifestación dende o edificio Cersia até o complexo administrativo da Xunta en San Caetano para demandar políticas e medidas que permitan avanzarmos cara á igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos.



As Federaci3ns da CIG renovaron as s3as Executivas e elixiron as Secretar3as federais

Tras a celebraci3n do VIII Congreso Confederal e das asembleas comarcais, as distintas federaci3ns sectoriais nas que se estrutura a CIG procederon no mes de novembro 3 renovaci3n dos seus 3rganos de direcci3n. As3, as federaci3ns de Industria, Servizos, Ensino, FGAMT, Administraci3n P3blica e Construcci3n escolleron os secretarios e as secretarias federais, as novas executivas e as persoas para o Consello Confederal. As Federaci3ns de Sa3de e de Banca celebraran os respectivos congresos durante 2022.



Xo3n Xos3 Bouzas Aboi 'Tupi' repite 3 fronte da secretar3a da Federaci3n de Industria, cuxa Executiva est3 conformada ademais de por 'Tupi', por Mercedes Dom3nguez Santom3, Rub3n Ramos Gestal, Alberte Amado Tall3n, Susana Riveira Fern3ndez, Henrique Fern3ndez Oliveira, Manuel Sim3n Gra3a, Mar3a Xos3 Garc3a G3mez, Manuel Dom3nguez Delgado, Armando Carril Casanova, Raquel P3rez Fern3ndez, Carlos Outeiro Baamonde e Antonio Cebey Giad3s. A este III Congreso concorreu unha 3nica listaxe de consenso para os 3rganos a renovar.

Transi Fern3ndez tam3n renovou como secretaria da CIG-Servizos durante o VIII Congreso da Federaci3n. A s3a foi a 3nica candidatura presentada para a Secretar3a mentres que para a Executiva federal houbo d3as. De modo que a nova Executiva queda formada por Mar3a do Tr3nsito Fern3ndez Fern3ndez, Adolfo Naia Fern3ndez, Diana Rodr3guez Regueira, Xorxe Gesto Pan, Cristina Mart3nez Pad3n, Mart3n Caama3o Santamar3a, Mar3a Jos3 Alonso Rodr3guez, Xiana Mel3n Rodr3guez e Roberto Alonso Iglesias.

No caso do Ensino, Suso Bermello Garc3a sa3u reelixido secretario federal. A este VIII Congreso presentouse unha candidatura de consenso para a Secretar3a e para a Executiva federal que pasa a estar integrada por: Suso Bermello Garc3a, Laura Arrojo Reguera, Xos3 Manuel

Nogueira Rodr3guez, Marta Ferreiro Fern3ndez, Ana Rodi3o Dom3nguez, Diego Boquete S3nchez, Teresa Carballido Salgado, Henrique Garc3a V3zquez, Elena A3el Cabanelas, Xos3 Anxo Ter3n Comesa3a, Maruxa Mart3nez Nogueira e Montse Pernas Bellas.

O V Congreso da FGAMT-CIG (Alimentaci3n, Mar, T3xtil, Telecomunicaci3ns e Transportes) reelixiu por unanimidade a Dores Mart3nez Castelo como secretaria federal. Ao proceso presentouse unha 3nica candidatura de consenso e a nova Executiva est3 formada por Dores Mart3nez Castelo, Xes3s M3 Pastoriza Santamarina, M3 do Mar Vila L3pez, In3cio Pav3n Barbagelata, Luc3a Gir3ldez P3rez, Federico L3pez Castro e Anxo Iglesias Covelo.

Pola s3a banda, o VIII Congreso da CIG-Administraci3n P3blica escolleu a Lu3s Carballo Pose como novo secretario federal, nun proceso ao que se presentaron d3as candidaturas para a Secretar3a e catro para a Executiva, que queda conformada polas seguintes persoas: Lu3s Carballo Pose, Ana Santom3 Santos, Catia V3zquez Corti3as, M3 Socorro Gonz3lez Otero, Manuel Gallardo Canitrot, Rosa M3 Fern3ndez Mu3oz, Roberto Varela Gestal, Xaime Rey V3zquez e Gerardo Alvaredo Maceda.

Pl3cido Valencia Rodr3guez foi reelixido como secretario federal no

VIII Congreso da CIG-Construcci3n. S3 se presentou unha candidatura tanto para a Secretar3a como para a Executiva, que queda composta por: Pl3cido Valencia Rodr3guez, Mario Maceiras Dosil, Alfonso Losada Rodr3guez, Marcos S3nchez Branco. Noelia Meizoso Fojo, Xaqu3n Agulla G3mez, Xos3 Xo3n Mel3n Gonz3lez, Eduardo Sebio Molguero, Maite Barrio Paiomo, Ra3l Pazos Arjones e Javier Iglesias Vali3as.

Reforzar a organizaci3n

Nos congresos debat3ronse a aprob3ronse os Informes de Xesti3n das Executivas sa3ntes, nos que se analiza a situaci3n socioecon3mico e laboral de cada sector e se recolle o traballo sindical desenvolvido nos 3ltimos catro anos. Tam3n se debateron e aprobaron os relatorios de Negociaci3n Colectiva e de Acci3n Sindical que perfilan as principais li3as de actuaci3n para o pr3ximo per3odo.

Todos os documentos coincidiron na necesidade de convencer a m3is sectores da clase traballadora da alternativa que representa a CIG; sermos un instrumento 3til, de contrapoder real fronte 3 explotaci3n de clase; e reforzar os nosos piares b3sicos: o asemblearismo, a combatividade, a solidariedade e a unidade de clase.

O sector das conservas de peixe, en pé de guerra por un convenio digno

A actitude intransixente da patronal das conservas de peixe tras máis de nove meses de contactos para renovar o convenio estatal aboca o persoal do sector a ter que defender na rúa un acordo digno.

Foi a CIG coa súa participación activa na mesa de negociación a que logrou primeiro desbloquear as conversas e despois que se trasladasen a Galiza. Esta era unhas das reivindicacións históricas para achegar a negociación ás traballadoras/es, xa que o noso país acolle o 60% das máis de 26.000 persoas que emprega o sector, boa parte delas mulleres.

Mais nin esas reunións nin todas as celebradas antes e despois en Madrid permitiron sequera albiscar a posibilidade dun acordo. De feito, nos últimos encontros o empresariado achegou propostas “que supoñen dar dous pasos para atrás”, segundo as representantes da FGAMT-CIG do Salnés que participan na negociación.

As propostas da patronal seguen sen garantir o poder adquisitivo do persoal nin corríxen a fenda salarial entre homes e mulleres, outra das cuestións que historicamente reclama a CIG. Ademais, as empresas teiman



en ampliar a xornada laboral de luns a domingo, “algo que levan intentando dende o principio, endurecendo aínda máis o convenio anterior”.

De igual xeito, na central lamentan que o empresariado non vexa discriminación salarial por razón de xénero entre as categorías do grupo 5 (fabricación) a as do grupo 6 (oficios varios). “Isto chámase cegueira interesada, pois a diferenza é clara”. Con todo, propón un incremento salarial adicional para categorías do grupo 5 como oficial de 1ª e 2ª ou mestra. “Pero sorprendentemente non propo-

ñen ningún aumento para a categoría de auxiliar, que agrupa a maior parte de mulleres traballadoras cun salario inferior”, censuran.

En consecuencia, a CIG levou a cabo concentracións en solitario diante das empresas que fan parte da mesa e promoveu unha fronte común coas centrais estatais que se concretou na manifestación conxunta deste sábado 18 de decembro dende o Concello de Vilagarcía ás 11:00 horas. Nas próximas xuntanzas definirán máis protestas e perfilarán un calendario de paros e de folga.

O persoal de Vestas mantén a loita en defensa dos seus empregos e por un futuro industrial

Coa demanda de impugnación do ERE xa presentada e a mesa industrial traballando para atopar unha solución de futuro, o persoal de Vestas mantén viva a loita para evitar que a empresa execute, o próximo 31 de decembro, o despedimento colectivo na planta de compoñentes eólicos de Viveiro.

Os traballadores e as traballadoras están desenvolvendo un intenso calendario de mobilizacións con dous obxectivos: presionar a multinacional danesa para que non cese a produción na fábrica, facilitando así a venda das instalacións, e ao tempo urxir o

gobierno español e a Xunta a materializar xa unha solución industrial.

A negociación do ERE de Vestas rematou sen acordo, xa que así o acordou por amplísima maioría (85 votos a favor e 13 en contra) o persoal da fábrica. A CIG sempre tivo claro que este ERE é unha fraude, ante o descarado intento da empresa por deslocalizar a produción.

Este conflito evidencia a indefensión e a inxustiza de manter vixente a reforma laboral de 2012, que deixa todo o poder de decisión sobre a continuidade dos empregos nas mans das empresas, pois

de terse derogado, Vestas non podería executar o despedimento colectivo sen autorización administrativa previa.

Pero tamén deixa ás claras a necesidade de políticas públicas e da intervención pública nos distintos sectores da economía para evitar que, en pleno proceso de transición enerxética e cando Galiza padece unha ofensiva enerxética colonizadora coa implantación de macro parques eólicos, as empresas poidan seguir destruindo impunemente o tecido produtivo e os empregos na actividade relacionada con este sector.